

PROVIDENCIA

Inicio de expediente de aprobación de disposición de carácter xeral regulamentaria: Ordenanza Fiscal Xeral.

Visto o texto articulado do proxecto de Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Inspección e Recadación do Concello de Carballo, proposto conxuntamente polo Tesoureiro municipal e o Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral.

En virtude do sinalado no artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AA.PP., con carácter previo á aprobación do regulamento, deberase publicar o texto da normativa proposta no portal web do Concello, a efectos de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan se realizar.

Por tal motivo, polo medio da presente providencia, ordéase a inserción do Texto do anteproxecto na web municipal, e a súa exposición pública aos efectos do previsto no art. 133 da Lei 39/2015, por un prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinar o borrador do anteproxecto, e remitir cantas aportacións ou suxerencias estimen oportunas. As mesmas deberán ser remitidas por medio de correo electrónico ao enderezo electrónico infocarballo@carballo.gal.

Rematado o prazo de exposición pública, as aportacións e suxerencias recibidas incorporaránse ao expediente para continuar a súa tramitación conforme ás previsións contidas nos artigos 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O ALCALDE,
Evencio Ferrero Rodríguez

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe